

PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES 2026- 2027

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Contido:

INTRODUCCIÓN	2
OBXECTIVOS E ESTRUTURA DA CONSELLERÍA.....	2
Descrición dos obxectivos da Consellería	2
Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos	3
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	3
DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL.....	3
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA - EGAP	4
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA).....	4
RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	5
Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.....	5
Planificación estratéxica por centro directivo.....	5
DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	6
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	6
Detalle de Subvencións na Planificación.....	6
DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL.....	6
Detalle de Subvencións na Planificación.....	7
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)	7
Detalle de Subvencións na Planificación.....	7
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA).....	8
Detalle de Subvencións na Planificación.....	8
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS	8
Avaliación da execución orzamentaria	8
Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados	9
Correccións e melloras	9

INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da Consellería de Facenda e Administración Pública, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da nosa comunidade autónoma. Este documento artículase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA

Descrición dos obxectivos da Consellería

A Consellería de Facenda e Administración Pública da administración galega ten atribuídas as competencias que en materia de facenda e de función pública establece o Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e as competencias en materia de simplificación administrativa e de xogo, de conformidade coa lexislación vixente. Tamén ten asignadas as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos

O exercicio destas funcións e as competencias en materia de subvencións desenvólvense a través dos seguintes centros xestores determinados polo Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

Á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, baixo a dependencia da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, correspóndenlle as competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e as establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas das consellerías, así como o exercicio daquelas que lle sexan delegadas pola persoa titular da Consellería.

Dentro da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, destacamos dúas unidades responsables en materia de subvencións:

A Subdirección Xeral de Xogo, cuxas principais funcións, en materia de subvencións, son:

- ✓ Desenvolvemento de políticas de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e a adopción de medidas tendentes a desincentivar os hábitos e as condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores máis vulnerables da poboación, como son as persoas menores de idade e as persoas con problemas de adicción ao xogo ou en situación de risco de desenvolvelo.

O Servizo de Contratación e Réxime Interior, dependente da Vicesecretaría Xeral, cuxas principais funcións, en materia de subvencións, son:

- ✓ Colaborar na identificación de áreas prioritarias, aliñadas coas políticas públicas da área da Consellería, que requiren apoio financeiro mediante subvencións.
- ✓ Coordinarse con outras unidades administrativas implicadas na xestión de subvencións (como a Intervención, Asesoría Xurídica, órganos xestores do gasto...), así como preparar e publicar as convocatorias de subvencións.

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

As principais funcións que esta dirección xeral exerce a través da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais son as seguintes:

- ✓ A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
- ✓ A xestión do Fondo de Acción Social.
- ✓ A coordinación das eleccións sindicais do persoal funcionario e laboral.

- ✓ O desenvolvemento dos traballos relativos ás relacións sindicais do persoal da Xunta de Galicia.
- ✓ A xestión do Rexistro dos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos, axencias e entidades dependentes, e a xestión do rexistro de contratos de alta dirección.
- ✓ A secretaría e mais o seguimento das negociacións colectivas en materia de persoal.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os principais fins asignados á Escola Galega de Administración Pública (EGAP) recóllense no artigo 3 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo e pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro son os seguintes:

- a) Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- b) Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a).
- c) Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos Entes locais de Galicia «sen habilitación nacional», de acordo cos Convenios que se subscriban coas distintas Entidades Locais.
- d) A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da Administración Pública, promovendo a súa máxima difusión.
- e) O establecemento de Convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 252/2011 do 15 de decembro e modificado polo Decreto 9/2021 do 21 de xaneiro, que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

A política desenvolvida pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia no marco das competencias que ten asignadas segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, está dirixida ao impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

**RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS****Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**

A planificación estratéxica de subvencións da Consellería para o 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E1 - Eixo 1. O reto demográfico	6	2.514.000,00	2.514.000,00
E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento	6	870.000,00	870.000,00
E5 - Eixo 5. Gobernanza	10	691.610,00	703.300,00
Total	22	4.075.610,00	4.087.000,00

E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E1 - Eixo 1. O reto demográfico	6	2.514.000,00	2.514.000,00
PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	2	2.500.000,00	2.500.000,00
PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	4	14.000,00	14.000,00
E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento	6	870.000,00	870.000,00
PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	6	870.000,00	870.000,00
E5 - Eixo 5. Gobernanza	10	691.610,00	703.300,00
PA01 - Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade.	8	684.110,00	695.800,00
PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	2	7.500,00	7.500,00
Total	22	4.075.610,00	4.087.300,00

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o 2026-2027, por centro xestor, está formada por 11 liñas de axuda para cada unha das anualidades cun importe estimado de 4 millóns de euros por anualidade, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO	6	21.500,00	21.500,00
DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMÓN DE PERSOAL	2	2.500.000,00	2.500.000,00
EGAP	8	684.110,00	695.800,00
AMTEGA	6	870.000,00	870.000,00



Total	22	4.075.610,00	4.087.300,00
-------	----	--------------	--------------

DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

A Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro ten entre os seus obxectivos a análise e estudo socioeconómico e da conxuntura económica, así coma os estudos e traballos relativos á elaboración e ao seguimento da planificación económica. É da súa competencia, tamén, a elaboración dos correspondentes estudos e a compilación de datos estatísticos e demais información regulamentaria en materia de xogo, para o que elabora programas derivados de convenios de colaboración con outros organismos e participa na elaboración e execución dos programas estatísticos que formen parte do sistema integrado de contas económicas de Galicia e con entidades que actúen no eido da atención as persoas afectadas por ludopatía. Así mesmo, debe promover e facilitar a educación financeira e o acceso aos servizos financeiros a toda a cidadanía do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do seu xénero, idade, condición social e localización xeográfica.

Este enfoque busca, en definitiva, fortalecer a competitividade e o benestar social da comunidade galega.

Detalle de Subvencións na Planificación

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E1 - Eixo 1. O reto demográfico		14.000,00	14.000,00
PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	4	14.000,00	14.000,00
✓ Convenios con asociacións de xogo	4	14.000,00	14.000,00
E5 - Eixo 5. Gobernaza		7.500,00	7.500,00
PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	2	7.500,00	7.500,00
✓ Edicións e publicacións	2	7.500,00	7.500,00
Total 2026-2027			43.000,00

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

O obxectivo específico deste centro directivo en materia de subvencións é financiar axudas sociais destinadas a persoas empregadas públicas da Xunta de Galicia que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade, como medida de apoio á conciliación e ao benestar social e familiar.

Son ata 2.160 euros anuais por cada persoa con discapacidade ao cargo, regulado con criterios claros e equitativos, orientado a garantir o apoio económico a quen ten ao seu cargo persoas con discapacidade, contribuíndo así á función social da Administración galega.

Detalle de Subvencións na Planificación

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E1 – Eixo 1. O reto demográfico	2	2.500.000,00	2.500.000,00
PA01 –Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	2	2.500.000,00	2.500.000,00
✓ Subvencións sociais a empregados públicos	2	2.500.000,00	2.500.000,00
Total 2026-2027	2		5.000.000,00

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

A EGAP ten como obxectivo principal organizar e impartir actividades formativas e de perfeccionamento ao persoal empregado público do sector público autonómico galego así como doutras administracións públicas. A oferta formativa específica ao persoal ao servizo das entidades locais galegas realízase ou ben directamente mediante a convocatoria das actividades formativas ou ben indirectamente mediante a convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación elaborados polas propias entidades locais galegas, así como federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico. O obxectivo é a procura da mellora continua na prestación dos servizos públicos galegos e pór en valor o esforzo realizado polas distintas administracións por modernizar a xestión administrativa e ofrecer uns servizos de calidade nun marco de proximidade á cidadanía. Así mesmo, a EGAP ten entre os fins a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da administración pública, promovendo a súa máxima difusión. A este fin contribúen tanto o Premio Manuel Colmeiro como a bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo co obxectivo de fomentar o esforzo investigador e a realización de estudos sobre a administración que redunden nunha mellora do funcionamento das estruturas administrativas. En canto ao Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas contribúe ao obxectivo da difusión e a normalización da lingua galega.

Detalle de Subvencións na Planificación

EGAP

PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E5 – Eixo 5. Gobernanza	8	684.110,00	695.800,00
PA01 – Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos	8	684.110,00	695.800,00



sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade.

✓ Subvencións a EELL – concorrencia competitiva	2	516.172,00	525.452,00
✓ Subvencións a EELL – concorrencia non competitiva	2	163.238,00	165.648,00
✓ Premio Colmeiro	2	3.500,00	3.500,00
✓ Concurso de Literatura Infantil e Xuvenil	2	1.200,00	1.200,00
Total 2026-2027	8		1.379.910,00

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

A política desenvolvida pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia no marco das competencias que ten asignadas segundo o decreto 252/2011, do 15 de decembro, está dirixida ao impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Detalle de Subvencións na Planificación

AMTEGA			
PEG 2022-2030	Convocatorias (Total)	2026 (€)	2027 (€)
E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento	6	870.000,00	870.000,00
PA2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	6	870.000,00	870.000,00
✓ Premios Axentes TIC	2	12.000,00	12.000,00
✓ Aulas CeMIT de Referencia	2	813.000,00	813.000,00
✓ Convocatoria Asociacións de Usuarios de Software Libre	2	45.000,00	45.000,00
Total 2026-2027	6		1.740.000,00

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIONES

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

A estes efectos, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2026-2027**, que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.

Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.



ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONS

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO**PROGRAMA DE GASTO**Programa **612A – Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica**

Deseñar un marco orzamentario que de soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da CA e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas

PEG 2022-2030

Eixo	E5 - Eixo 5. Gobernaza
Prioridade de Actuación	PA02- Unhas finanzas sustentables para un crecemento san
Obxectivo Estratéxico	E02 - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un custe moderado do servizo da débeda e un clima favorable ao investimento en Galicia
Obxectivo Operativo	OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

SUBVENCIÓN

Denominación:	Convenio de Colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Universidade de Santiago De Compostela (USC) para as actividades editoriais da "Revista Galega de Economía"
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
Tipo de convocatoria	Concesión directa
Beneficiarios	Universidade

Importe	Total	2026	2027
	15.000,00	7.500,00	7.500,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento	2026	2027
	P01142 - Publicacións en materia de economía	3	3
Financiamento	Financiamento - Orzamento autonómico	2026	2027
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas 2016 - 00054 – Edicións e publicacións	7.500,00	7.500,00

SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO

A Subdirección Xeral de Xogo, dependente da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, encárgase de apoiar a loita contra a ludopatía. Tamén xestiona as competencias autonómicas en materia de xogo. Coordina accións con outros axentes territoriais e xestiona o orzamento e a avaliación das súas actuacións

PROGRAMA DE GASTOPrograma **611A – Dirección e Servizos Xerais de Facenda**

Este programa de gasto atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro

PEG 2022-2030

Eixo	E1 - Eixo 1. O reto demográfico
Prioridade de Actuación	PA04- Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Obxectivo Estratéxico	E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde
Obxectivo Operativo	OO07 - Sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía.

SUBVENCIÓN

Denominación:	Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Galega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) para o desenvolvemento de accións en materia de xogo responsable, durante o ano 2025. Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Galega de Xogadores Anónimos (AGAJA) para o desenvolvemento de accións en materia de xogo responsable, durante o ano 2025.
---------------	---



Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia			
Tipo de convocatoria	Concesión directa			
Beneficiarios	Asociacións			
Importe	Total		2026	2027
	28.000,00		14.000,00	14.000,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	P00076 - Entidades beneficiadas		2	2
Financiamento	Financiamento - Orzamento autonómico		2026	2027
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	2018 - 00106 –Convenios con asociacións de xogo	14.000,00	14.000,00
DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL				
O obxectivo específico deste centro directivo en materia de subvencións é financiar axudas sociais destinadas a persoas empregadas públicas da Xunta de Galicia que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade, como medida de apoio á conciliación e ao benestar social e familiar.				
PROGRAMA DE GASTO				
Programa	124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PUBLICA			
Racionalización e optimización dos efectivos.				
PEG 2022-2030				
Eixo	E1 - Eixo 1. O reto demográfico			
Prioridade de Actuación	PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada			
Obxectivo Estratéxico	E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal			
Obxectivo Operativo	Impulsar propostas relativas a acordos laborais e fomentar a súa aplicación nas organizacións empresariais e sindicais.			
SUBVENCIÓN				
Denominación:	Fondo de Acción Social para o exercicio económico relativo á axuda para a atención de persoas con discapacidade dependentes de persoal empregado público.			
Normativa:	A Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 44, de 2 de marzo)			
Tipo de convocatoria	Concurrencia competitiva.			
Beneficiarios	Persoas empregadas públicas.			
Importe	Total		2026	2027
	5.000.000,00		2.500.000,00	2.500.00,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	DOC001-Número de empregados/as públicos que reciben axudas		1024	1024
	DOC002-Número de empregados/as públicos que reciben subvencións		-	-
	P342.H-Persoas beneficiadas (homes)		294	294
	P342.M-Persoas beneficiadas (mulleres)		730	730
Financiamento	Financiamento - Orzamento autonómico		2026	2027
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	23 04 124A 162.04	2.500.000,00	2.500.000,00



ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Unha oferta formativa específica ao persoal ao servizo das entidades locais galegas mediante a convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación elaborados polas propias entidades locais galegas así como federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico; a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da administración pública, promovendo a súa máxima difusión así como a difusión e normalización da lingua galega.

PROGRAMA DE GASTO

Programa **122B – FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL**

Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da Comunidade Autónoma

PEG 2022-2030

Eixo **E5 - Eixo 5. Gobernanza**

Prioridade de Actuación PA01 - Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade

Obxectivo Estratégico E01 – Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal

Obxectivo Operativo OO01 – Accións formativas para os empregados e empregadas públicas

SUBVENCIÓN

Denominación: RESOLUCIÓN pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2026, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A).

Normativa: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Tipo de convocatoria Concorrencia competitiva

Beneficiarios Entidades locais galegas

Importe	Total		2026	2027
	1.041.624,00		516.172,00	525.452,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	P240.M-Persoal público participante nas actividades formativas		10.747	10.915
	P240.H-Persoal público participante nas actividades formativas		4.329	4.538
Financiamento	Financiamento		2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes			
	PGE - Presupostos xerais do Estado	2015 - 00001 – Subvencións a Corporacións Locais para formación do persoal	516.172,00	525.452,00

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Unha oferta formativa específica para federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico;

PROGRAMA DE GASTO

Programa **122B – FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL**

Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da Comunidade Autónoma

PEG 2022-2030

Eixo **E5 - Eixo 5. Gobernanza**



Prioridade de Actuación	PA01 - Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade			
Obxectivo Estratéxico	E01 – Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal			
Obxectivo Operativo	OO01 – Accións formativas para os empregados e empregadas públicas			
SUBVENCIÓN				
Denominación:	RESOLUCIÓN pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2026, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A).			
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia			
Tipo de convocatoria	Concorrencia non competitiva			
Beneficiarios	Federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico			
Importe	Total		2026	2027
	328.886		163.238,00	165.648,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento			
	P240.M-Persoal público participante nas actividades formativas		3.461	3.472
	P240.H-Persoal público participante nas actividades formativas		1.626	1.653
Financiamento	Financiamento			
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes			
	PGE - Presupostos Xerais do Estado	2018 – 00001 – SUBVENCIÓNS A INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO	163.238,00	165.648,00
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA				
A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración Pública, promovendo a súa máxima difusión				
PROGRAMA DE GASTO				
Programa	122B – FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL			
Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da Comunidade Autónoma				
PEG 2022-2030				
Eixo	E5 - Eixo 5. Gobernanza			
Prioridade de Actuación	PA01 - Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade			
Obxectivo Estratéxico	E01 – Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal			
Obxectivo Operativo	OO01 – Accións formativas para os empregados e empregadas públicas			
SUBVENCIÓN				
Denominación:	ORDE pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXVIII edición do Premio Manuel Colmeiro para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia (código de procedemento PR771A)			
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia			
Tipo de convocatoria	Concorrencia competitiva			



Beneficiarios	Personas físicas		
Importe	Total	2026	2027
	3.500,00	3.500,00	3.500,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimiento		
Financiamento	Financiamento		
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	2014 - 00004 – COLABORACIÓN E BOLSAS PARA FACILITAR O ACCESO AO MATERIAL FORMATIVO XERADO POLA EGAP	3.500,00 3.500,00

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Difusión e normalización da lingua galega

PROGRAMA DE GASTOPrograma **122B – FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL**

Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da Comunidade Autónoma

PEG 2022-2030

Eixo	E5 – Eixo 5. Gobernanza
Prioridade de Actuación	PA01 - Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade
Obxectivo Estratéxico	E01 – Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal
Obxectivo Operativo	0001 – Accións formativas para os empregados e empregadas públicas

SUBVENCIÓN

Denominación:	RESOLUCIÓN pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2026 (código de procedemento PR775A)		
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia		
Tipo de convocatoria	Concurrencia competitiva		
Beneficiarios	Persoas físicas		
Importe	Total	2026	2027
	1.200,00	1.200,00	1.200,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimiento		
Financiamento	Financiamento		
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	2014 - 00004 – COLABORACIÓN E BOLSAS PARA FACILITAR O ACCESO AO MATERIAL FORMATIVO XERADO POLA EGAP	1.200,00 1.200,00

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**Artigo 2.5. do Decreto de creación de AMTEGA****PROGRAMA DE GASTO**

Programa 2014-00007

Premios AXENTES TIC: recoñecer aquelas iniciativas e dinamizadores (en diante, axentes TIC ou responsables de aula) vinculados á Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) mediante a concesión dos premios Axentes TIC da Rede CeMIT



PEG 2022-2030					
Eixo	E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento				
Prioridade de Actuación	3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible				
Obxectivo Estratéxico	OE 3.2.2 .Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital				
Obxectivo Operativo	1. Unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente				
SUBVENCIÓN					
Denominación:	PREMIOS AXENTES TIC				
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia				
Tipo de convocatoria	Concurrencia competitiva				
Beneficiarios	Persoas físicas – dinamizadoras/es de Aulas CeMIT				
Importe	Total		2025	2026	2027
	36.000,00		12.000,00	12.000,00	12.000,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2025	2026	2027
	Número de usuarios da rede CeMIT		120.000	128.000	130.000
Financiamento	Financiamento		2025	2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes				
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	10.A1.571A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)					
Artigo 2.5. do Decreto de creación de AMTEGA					
PROGRAMA DE GASTO					
Programa	2026-00004				
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT.					
PEG 2022-2030					
Eixo	E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento				
Prioridade de Actuación	3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible				
Obxectivo Estratéxico	OE 3.2.2 .Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital				
Obxectivo Operativo	1. Unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente				
SUBVENCIÓN					
Denominación:	Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT.				
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia				
Tipo de convocatoria	Concesión directa a Aulas de referencia que cumpran co establecido no convenio de colaboración coa FEGAMP				
Beneficiarios	Concellos de Galicia que dispoñan de Aula CeMIT				
Importe	Total		2025	2026	2027
	2.439.000,00		813.000,00	813.000,00	813.000,00



Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2025	2026	2027
	Número de usuarios da rede CeMIT		120.000	128.000	130.000
	Número de actividades planificadas para a promoción do talento dixital		7	7	7
	Nº de horas de formación dixital e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía na Rede CeMIT		35.000	40.000	45.000
	Nº de aulas CeMIT dixitalizadas		84	88	90
Financiamento	Financiamento Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		2025	2026	2027
	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	10.A1.571A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia	813.000,00	813.000.00	813.000,00
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)					
Artigo 2.5. do Decreto de creación de AMTEGA					
PROGRAMA DE GASTO					
Programa	2026-00003				
Convocatoria Asociacións de Usuarios de Software Libre					
PEG 2022-2030					
Eixo	E3 - Eixo 3. Competitividade e crecemento				
Prioridade de Actuación	3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible				
Obxectivo Estratéxico	OE 3.2.2 .Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital				
Obxectivo Operativo	1. Unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente				
SUBVENCIÓN					
Denominación:	Subvencións ás asociacións galegas de usuarios de software libre para impulsar a realización de actuacións para o fomento do uso do software e hardware libre na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento AP400E)				
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia				
Tipo de convocatoria	Concurrencia non competitiva.				
Beneficiarios	Asociacións de Usuarios de Software Libre de Galicia				
Importe	Total		2025	2026	2027
	135.000,00		45.000,00	45.000,00	45.000,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2025	2026	2027
	Número de usuarios da rede CeMIT		120.000	128.000	130.000
	Número de actividades planificadas para a promoción do talento dixital		7	7	7
	Nº de horas de formación dixital e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía na Rede CeMIT		35.000	40.000	45.000
	Nº de aulas CeMIT dixitalizadas		84	88	90
Financiamento	Financiamento Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		2025	2026	2027



	PCA - Presupostos Xerais das Comunidades Autónomas	10.A1.571A.781.0, proxecto 2014.00007, dos presupostos da Comunidade Autónoma galega	45.000,00	45.000,00	45.000,00
--	---	---	-----------	-----------	-----------